



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00057667H

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2021.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2021, que consta de nove páxinas mais anexos, estruturadas nun apartado relativo ás partes intervenientes e co carácter con que o fan; un expoñendo con nove apartados; e nove cláusulas contendo os pactos aos que as partes se comprometen a chegar, e cuxo obxecto é establecer a colaboración entre o concello de Santiago a través da Axencia Local de Colocación e COGAMI para o desenvolvemento dun programa experimental de emprego.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 15.000 euros (quinze mil euros) que conleva a execución deste convenio con cargo á partida 010-24100-4890001 do orzamento municipal para o ano 2021, a favor da Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI).

TERCEIRO.- Facultar á alcaldía para a sinatura dos documentos necesarios para a súa formalización.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo aos interesados/as e aos servizos económicos para os efectos procedentes.